

DOSSIER DINAMIZACIÓN ADULTOS 2025



WWW.TOTEMGESTION.COM



Gymkana divertida

En Tótem Xestión ofrecémosche a posibilidade de pasar un intre desenfadado de diversión cos teus compañeiros de traballo, celebrar unha xubilación dun modo diferente, poñerlle un punto de humor a un congreso ou encontro empresarial, etc. coa nosa gymkana divertida, chea de probas e xogos para sacar o neno que todos levamos dentro.

Adaptamos a gymkana en tempo e forma e está dispoñible para o seu desenvolvemento en inglés.

Esta actividade inclúe monitores e todo o material necesario para llevala a cabo. Máis información en info@totemgestion.com



Amenización musical

Dispoñemos dunha ampla carteira de músicos de diversos estilos e formatos para adaptarnos ás túas necesidades. Algunhas opcións son: Black, Marian Ledesma e Os Tinaquero Bro's, Aixa Romay, Alfredo García Quartet, The Flows, Iago Mouriño, Le suit band, Santi Cañas...

Máis información en info@totemgestion.com



Viaxes de incentivo

Queres que xestionemos unha programación de forma global? Sodes varias sedes e queredes levar a cabo un evento conxunto? Queres premiar aos teus empregados cunha viaxe ou actividade diferente?

Nestes anos temos preparado incentivos e eventos personalizados para empresas como Estrela Galicia, Eleko ou Técnicas de Soft, con recoñecido éxito.

Se queres algo diferente, somos a túa empresa.

Máis información en info@totemgestion.com



Visitas turísticas

Queres que os teus empregados coñezan unha zona de Galicia, xa sexa de índole urbana ou rural desde un punto de vista diferente?
Queredes pasar un intre divertido coñecendo un área de interese turístico?

Todos as nosas guías son oficiais e adaptámonos á realidade do grupo en canto a obxectivos, tamaño e accesibilidade.

Ofertamos visitas convencionais e teatralizadas.

Máis información en info@totemgestion.com



Espectáculo de maxia

Crea un evento único no que os detalles e a distinción estarán presentes grazas aos nosos magos Kiko Pastur e Román García.

Adaptable a todos os públicos e en distintos formatos.

Inclúe equipo de son (en caso de ser necesario).

Máis información en info@totemgestion.com



Karaoke

Organizas uns aniversarios, unha voda, unha xubilación ou a cea de empresa? Crea un momento divertido e inesquecible grazas ao noso servizo de karaoke.

Con este servizo, os invitados poderán cantar os seus temas favoritos, xunto ao noso animador. Dispoñemos de dous equipos de son de diferentes potencias para adaptarnos ás túas necesidades.

Inclúe caixa de accesorios divertidos.
Duración mínima de 2 horas.



Caricaturista

Converte o teu evento nun momento único grazas ao divertido recordo que obterán os invitados/as co servizo de caricaturista.

Roi Paz, caricaturista estrela da empresa, creará preciosos recordos en forma de caricaturas.

Opción a personalizar o papel.
Duración mínima de 2 horas.

Máis información en info@totemgestion.com



Mesa doce

Sexa cal for o evento que estás a celebrar, unha mesa doce é o complemento perfecto tanto para nenos/as como para maiores.

É que... a quen lle amarga un doce?
Inclúe decoración acorde aos gustos do homenaxeado/a ou contratante.

Opción de completar con repostería creativa.



Queimada teatralizada

Dálle ao teu evento un toque máxico e "enxebre"
grazas ao noso espectáculo de queimada.

Temos varios formatos para ofrecer:

- Actriz caracterizada con conxuro teatralizado (inclúe ladaíña)
- Espectáculo teatralizado dinamizado por dúas actrices caracterizadas e decoración

Completa o espectáculo con "cuncas" personalizadas
desde 2.5€/ud (pedido mínimo: 50 uds).

O espectáculo non inclúe a bebida para degustar,
senón só para a actuación.



Obradoiros para adultos

Buscas unha temática que faga que un grupo interaccione? Sodes un grupo que queredes aprender a preparar unha mesa doce? Queredes pasar un intre ameno coñecendo algunha técnica de creatividade manual?

Temos moreas de ideas para que pasedes momentos inesquecibles. Os orzamentos serán adaptados ao número de persoas e temática.



Visita de personaxe

Queredes unha festa familiar de Nadal ou quizais celebrar o día da familiar no verán?

Temos cheas de opcións de lecer familiar, pero, sen dúbida, unha moi adaptable é a visita de personaxe.

Temos unha ampla variedade de disfraces de alta calidade para adaptarnos ás túas necesidades.



Stand de bebidas personalizable

a) Aluga a caseta de bebidas con decoración personalizada (vintage, mariñeira ou minimalista) e crea o teu propio momento de diversión.

b) Queres realizar unha degustación? Contrata o noso servizo de caseta de bebidas, que estará atendido por persoal cualificado e que contará con enxoval biodegradable. Inclúe montaxe.



Flocos de millo ou algodón de azucre

Queres facer do teu evento un día aínda máis especial? Quizais unha degustación nunha festa de fin de curso, día do comercio en rúa ou festa de nadal no polideportivo da túa cidade? E se che montamos un cinema ao aire libre cos teus flocos de millo cociñados ao momento ou talvez un posto de algodón de azucre?

Contrata os nosos servizos atendidos por persoal cualificado.
Inclúe montaxe, consumibles e enxoval.

Máis información en info@totemgestion.com



Outras opcións de divertimento:

- Mestre de ceremonias
- Monólogos
- Actuación circense
- Espectáculo de Drag Queen
- Tuna
- Teatro humorístico
- Mariachis
- E moito máis